



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado 3 de xuño o Consello de Ministros aprobou a convocatoria de 2016 do **PROGRAMA ESTRATÉXICO DE CONSORCIOS DE INVESTIGACIÓN EMPRESARIAL NACIONAL (CIEN)**, dotada con **100 millóns de euros**.

A través desta convocatoria, o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) financia **grandes proxectos de investigación industrial e de desenvolvemento experimental**, realizados por consorcios empresariais en colaboración con centros de investigación. Estes proxectos deben estar orientados á realización dunha investigación planificada en áreas estratéxicas de futuro e con proxección internacional.

Os beneficiarios desta axuda son **consorcios empresariais, formados por un mínimo de tres e un máximo de oito empresas**, e deben contar coa participación relevante de organismos de investigación. De feito, un 15% do orzamento total do proxecto debe estar destinado á subcontratación con organismos de investigación.

O **orzamento financiable** dos proxectos debe oscilar entre os **7 e os 20 millóns de euros** e o orzamento mínimo financiable por cada empresa será de 350.000 euros. A modalidade de financiamento será a través dunha **axuda parcialmente reembolsable** de até o 75% do orzamento financiable e un **tramo non reembolsable** de até o 30% da axuda aprobada por CDTI.

Dende 2014, ano do seu lanzamento, este programa ten financiado 39 consorcios formados por 270 empresas e 526 centros de investigación.

A presentación das solicitudes debe realizarse a través da **sede electrónica de CDTI** até o 22 de xullo de 2016 ás 12.00 horas. A

información completa da convocatoria está dispoñible na [sección Financiamento de proxectos de I+D+i](#) da web de CDTI.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.